



SERVIZO DE VIAS E OBRAS

Expediente: 2024000018199

CONCELLO DE SANTA COMBA
PLZA.DO CONCELLO, S/N, S/N
15841 SANTA COMBA

Traslado da resolución de autorización de obra para Autorización sectorial proxecto de obra -modificado- en Guisande (POS22) a CONCELLO DE SANTA COMBA, na DP7702 - SANTA CATALINA A ESMORODE P.K. 1+060

Notifícolle que se aprobou o 10/07/2024 a resolución "RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDE A AUTORIZACIÓN PARA PROXECTO DE OBRA MODIFICADO DE MELLORA DE VIAIS E SANEAMENTO EN LUGAR DE GUISANDE (POS22) (047A2 - OBRAS, INSTALACIÓNS OU ACTUACIÓNS NA ZONA DE DP BEIRAVÍAS) , NA DP7702 SANTA CATALINA A ESMORODE, PUNTO QUILOMÉTRICO 1+060 MARXE DEREITA Ó CONCELLO DE SANTA COMBA. EXPEDIENTE 2024000018199." que se achega a continuación.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos.

As actuacións autorizadas non se poderán iniciar sen que o persoal da Deputación comprobe a súa implantación. Para estes efectos, a persoa titular da autorización solicitará a dita comprobación, facendo referencia ao número de expediente , ben mediante correo ao enderezo electrónico viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal, ben mediante chamada aos teléfonos 981080767, 981080761.



Nº 28989 / 2024 - 10/07/2024

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc

Código: 73a7dcf3ae75edddda6fc79af786b871de1b6deebd77ad7bd3b6df6dddfc

MARÍA AMPARO CRISTINA
TABOADA GIL
Data: 10/07/2024 15:07

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data: 10/07/2024 14:27



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Vías e Obras

Expediente: 2024000018199

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDE A AUTORIZACIÓN PARA PROXECTO DE OBRA – MODIFICADO – DE MELLORA DE VIAIS E SANEAMENTO EN LUGAR DE GUISANDE (POS22) (047A2 - OBRAS, INSTALACIÓNS OU ACTUACIÓNS NA ZONA DE DP BEIRAVÍAS) , NA DP7702 – SANTA CATALINA A ESMORODE, PUNTO QUILOMÉTRICO 1+060 MARXE DEREITA Ó CONCELLO DE SANTA COMBA. EXPEDIENTE 2024000018199.

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente de autorización ó CONCELLO DE SANTA COMBA no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O día 15 de abril de 2024, o CONCELLO DE SANTA COMBA con NIF P1507800I, presenta solicitude de autorización para Proxecto de obra – modificado – de mellora de viais e saneamento en lugar de Guisane (POS22) (047A2 - OBRAS, INSTALACIÓNS OU ACTUACIÓNS NA ZONA DE DP BEIRAVÍAS) no CONCELLO DE SANTA COMBA, con número de rexistro de entrada 202499900042710 (Orzamento 222.515,07 euros), na DP7702 – SANTA CATALINA A ESMORODE, PUNTO QUILOMÉTRICO 1+060 marxe Dereita

O día 24 de maio de 2024, o auxiliar técnico desde Servizo emitiu un informe de campo sobre a solicitude presentada.

NORMATIVA APLICABLE

1. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG), modificada pola Lei 6/2015, do 7 de agosto (DOG 12 de xullo de 2013 e DOG 13 agosto de 2015).
2. Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (en diante REG), modificado polo Decreto 51/2023, do 11 de maio (DOG 20 de xuño de 2016 e DOG 31 de maio de 2023).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (BOE 2 de outubro de 2015).
4. Orde FOM/3460/2003 pola que se aproba a norma 6.1-IC seccións de firme da Instrución de Estradas (BOE 297, do 12 de decembro de 2003).



Nº 28989 / 2024 - 10/07/2024

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc

Código: 73a7dcf3ae75edddda6fc79af786b871de1b6deebd77ad7bd3b6df6dddfc

MARÍA AMPARO CRISTINA
TABOADA GIL
Data: 10/07/2024 15:07

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data: 10/07/2024 14:27

5. Orde FOM/534/2014 pola que se aproba a norma 8.1-IC sinalización vertical da Instrución de Estradas (BOE 83, do 5 de abril de 2014).
6. Orde pola que se aproba a Norma 8.2-IC. Marcas viarias (BOE 185, do 4 de agosto de 1987).
7. Orde sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas en vías fóra de poboado. Norma 8.3.-IC. Sinalización de obra (BOE 224, do 18 de setembro de 1987).
8. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local (BOE 3 de abril de 1985).
9. Ordenanza fiscal reguladora das taxas por autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais (BOP 28 de novembro de 2018 e 5 de decembro de 2018)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O artigo 6 da lei 8/2013, recolle que terán a consideración de elementos funcionais das estradas os espazos lonxitudinais, sensiblemente paralelos a elas, respecto das que teñen un carácter secundario por servir ás propiedades e edificios lindeiros, tales como as vías e camiños de servizo, ou estar destinados á circulación de peóns e vehículos terrestres de tracción humana, como as beirarrúas, as sendas peonís e os carrís para a circulación de bicicletas.
2. De acordo co artigo 47.1 da Lei 8/2013, a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ó deber de obter a correspondente autorización previa.

RESOLVO

CONCEDER ó CONCELLO DE SANTA COMBA, a autorización que solicitou para Proxecto de obra – modificado – de mellora de viais e saneamento en lugar de Guisane (POS22) (047A2 - OBRAS, INSTALACIÓNS OU ACTUACIÓNS NA ZONA DE DP BEIRAVÍAS) no CONCELLO DE SANTA COMBA na DP7702 – SANTA CATALINA A ESMORODE, PUNTO QUILOMÉTRICO 1+060 marxe Dereita, debendo executar as obras, instalacións ou actividades conforme as condicións particulares e condicións xénericas que se fixan a continuación.

CONDICIÓN PARTICULARES

1. Soamente estarán autorizadas pola Deputación Provincial da Coruña, como administración titular da estrada ou estradas afectadas, as actuacións incluídas na solicitude de autorización que cumpran o condicionado indicado nos puntos seguintes. As actuacións non solicitadas, aun cumprindo o condicionado, non estarán autorizadas, debendo presentarse nova solicitude para obter a súa correspondente autorización.
2. As actuacións autorizadas, non se poderán iniciar sen que o persoal da Deputación comprobe a súa implantación. Para estes efectos, a persoa titular da autorización porase en contacto co persoal da Administración titular, cunha antelación mínima de sete (7) días da



Nº 28989 / 2024 - 10/07/2024

Validación de documentos: <https://sede.dacoruna.gal/valdoc>

Código: 73a7dcf3ae75edddda6fc79af786b871de1b6deebd77ad7bd3b6df6dddfc

MARÍA AMPARO CRISTINA
TABOADA GIL
Data: 10/07/2024 15:07

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data: 10/07/2024 14:27

data que prevexa para a dita operación, ben no enderezo electrónico viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal, ben nos teléfonos 981080767, 981080761.

3. Finalizadas as obras ou instalacións autorizadas, a Administración titular da estrada documentará a súa terminación, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. Para estes efectos, a persoa titular da autorización porase en contacto co persoal da Administración titular, ben no enderezo electrónico viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal, ben nos teléfonos 981080767, 981080761, cunha antelación mínima de sete (7) días da data en que prevexa finalizar as obras ou instalacións. No caso de autorizacións para realizar obras ou instalacións na zona de dominio público, a persoa titular estará obrigada a terlle entregado á Administración titular da estrada a documentación que recompila a información necesaria para coñecer de xeito detallado as características da obra executada, previamente á realización do acto de documentación da súa terminación, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. A acta de conformidade implicará o permiso de uso das obras ou instalacións, no que á normativa sectorial de estradas se refire, e a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias.

4. As obras e actuacións solicitadas non ocuparán zona de dominio público da estrada provincial nin a súa zona de servidume, non obstante estarase ao disposto nos puntos seguintes.

5. As conducións subterráneas lonxitudinais poderanse autorizar:

a. Fóra das zonas de dominio público e de servidume, a unha distancia mínima de 8 metros do eixo da calzada, distancia mínima que poderá ser reducida por condicións técnicas dificultosas e debidamente xustificadas. En calquera caso a condución non impedirá a explanación dos terreos a cota da estrada nos 8 metros desde o eixo da mesma e terá a debida protección para soportar sen deformacións nin avarías tanto as obras de explanación coma unas futuras cargas transmitidas polo tránsito de vehículos

b. Fóra da explanación da estrada e dos seus elementos funcionais, cando se correspondan con redes e infraestruturas de servizos públicos. A condución non impedirá a explanación dos terreos a cota da estrada nos 8 metros desde o eixo da mesma e terá a debida protección para soportar sen deformacións nin avarías tanto as obras de explanación coma unas futuras cargas transmitidas polo tránsito de vehículos

c. Excepcionalmente, na explanación da estrada e dos seus elementos funcionais só se poderán autorizar, preferentemente, fóra da calzada e, cando sexa posible, tamén das súas beiravías, conducións subterráneas lonxitudinais correspondentes a redes e infraestruturas de servizos públicos, cando se xustifique debidamente que polas condicións extremadamente dificultosas da orografía do terreo, ou pola súa condición urbana, non existe outra solución tecnicamente viable, ou cando se trate da reposición de conducións afectadas polas obras de estradas. Terán a debida protección para soportar sen deformacións nin avarías as cargas transmitidas polo tránsito de vehículos. A antedita protección situarase de tal xeito que a profundidade da súa parte superior non sexa inferior, en ningún punto, a cincuenta centímetros (50 cm) por debaixo da rasante do pavimento ou punto máis baixo da explanación

6. As conducións subterráneas que constitúan parte integrante de industrias ou



Nº 28989 / 2024 - 10/07/2024

Validación de documentos: <https://sede.dacoruna.gal/valdoc>

Código: 73a7dcf3ae75eddda6fc79af786b871de1b6deebd77ad7bd3b6df6dddfc

MARÍA AMPARO CRISTINA
TABOADA GIL
Data: 10/07/2024 15:07

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data: 10/07/2024 14:27

establecementos só serán autorizables cando se sitúen fóra das zonas de dominio público e servidume, agás as imprescindibles para conectar coas redes e infraestruturas de servizos públicos.

7. As conducións autorizadas non poderán prexudicar en forma ningunha o comportamento resistente e funcional do firme da estrada nin o bo funcionamento e desaugamento dos seus sistemas e elementos de drenaxe superficial e profundo. No caso de que a auga aportada ocasione un mal funcionamento do drenaxe da estrada, deberá modificarse por parte do solicitante, previa autorización.

8. Só serán autorizables os cruzamentos subterráneos que sexan imprescindibles para dar continuidade ás redes e infraestruturas de servizos públicos ou para conectarse a eles.

9. As obras dos cruzamentos subterráneos executaranse de forma que produzan as menores perturbacións posibles á circulación, repoñendo en perfectas condicións o firme e pavimento da estrada, e terán a debida protección para soportar sen deformacións nin avarías as cargas transmitidas polo tránsito de vehículos. A antedita protección situarase de tal xeito que a profundidade da súa parte superior non sexa inferior, en ningún punto, a oitenta centímetros (80 cm) por debaixo da rasante do pavimento e permitirá, ademais, a reparación ou substitución do treito de condución, sen afectar en forma ningunha a plataforma da estrada.

10. Non estarán autorizados cruzamentos a ceo aberto en autoestradas, autovías, vías para automóviles e estradas urbanas de alta capacidade, nin no resto de estradas convencionais con intensidade media diaria de circulación superior a tres mil (3.000) vehículos ou que teñan sido construídas ou reparadas dentro dos tres (3) anos anteriores á solicitude da autorización.

11. Nos casos anteriores, o cruzamento deberase efectuar mediante mina, túnel ou perforación mecánica subterránea.

12. Tamén se poderán empregar para o cruzamento as obras de paso ou desaugamento da estrada, sempre que se garanta o adecuado mantemento das súas condicións funcionais, estruturais e, de ser o caso, hidráulicas.

13. Os cruzamentos subterráneos que constitúan parte integrante de industrias ou establecementos só serán autorizables cando resulten imprescindibles para conectar coas redes e infraestruturas de servizos públicos.

14. Os cruzamentos autorizados non poderán prexudicar en forma ningunha o comportamento resistente e funcional do firme da estrada nin o bo funcionamento e desaugamento dos seus sistemas e elementos de drenaxe superficial e profundo.

15. Cando, cumprindo todas as condicións anteriores sexa necesario afectar a pavimentos do dominio público viario, éste será repostado segundo as condicións seguintes:

a. De afectarse a beirarrúa/senda da estrada provincial esta será repostada, como mínimo, nas mesmas condicións que antes de realizarse a actuación solicitada. A reposición abarcará todo o ancho de beirarrúa/senda afectada.

b. De afectarse a plataforma da estrada, preferentemente tenderase a situar a condución



Nº 28989 / 2024 - 10/07/2024

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc

Código: 73a7dcf3ae75eddda6fc79af786b871de1b6deebd77ad7bd3b6df6dddfc

MARÍA AMPARO CRISTINA
TABOADA GIL
Data: 10/07/2024 15:07VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data: 10/07/2024 14:27

baixo aparcadoiro ou baixo beiravía (se esta ten unha anchura mínima de 3-4 veces o ancho de gabia) en caso de non existir aparcadoiro. A gabia realizarase de forma que non coincida coa zona de rodaxe dos vehículos que circulen polo carril afectado. Reporase o ancho total do aparcadoiro, beiravía e carril afectado (en caso de non existir separación de carrís, repoñerase o ancho total de calzada), debendo fresarse o ancho necesario para conservar o adecuado perfil transversal da estrada. En cruces onde se afecte á calzada, a reposición alcanzará un ancho mínimo de 4 metros e, en todo caso, un mínimo de 1 metro desde o bordo da gabia.

c. O recheo de gabia realizarase con zahorra (que cumprirá o PG-3 vixente), debidamente compactada, excepto o recheo lindante coa conducción, que se adecuará á norma/recomendación correspondente en función do servizo, e a parte superior do recheo que se executará mediante laxa de formigón HM de 20 cm de espesor. O firme a repoñer será o existente na estrada afectada.

16. Nas instalacións preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación soamente poderán realizarse, no que á lexislación sectorial en materia de estradas se refire, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

17. As instalacións preexistentes que se vexan afectados por obras de reforma da estrada e que contén con autorización, sempre que lles for esixible, poderán ser repostos, pola súa persoa propietaria ou pola administración titular da actuación, coas mesmas características que tivesen e, en todo caso, fóra da zona de dominio público.

18. Prohíbese dunha maneira absoluta depositar sobre dominio público viario materiais destinados a construcións particulares.

19. De ser necesario establecemento dun novo acceso, o cambio de uso dun acceso existente ou a reordenación dun acceso existente como consecuencia da solicitude dun novo acceso que a faga precisa, deberá obter a correspondente autoización segundo o regulado no artigo 128.5 do Regulamento xeral de estradas de Galicia polo que, nese caso, deberá solicitarse a correspondente autorización a esta Deputación.

20. Conservarase en todo momento as debidas condicións de seguridade no dominio público viario, mantendo unha perfecta limpeza no dominio público da estrada provincial e unha sinalización adecuada, debendo tomarse a medidas necesarias para o seu cumprimento (lavado de rodas de vehículos de obras, pavimentacións necesarias nos accesos, sinalización segundo a norma 8.3 IC da Instrución de estradas publicada polo ministerio de Fomento). As obras executaranse segundo a documentación presentada e as condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar, agás casos excepcionalmente autorizados, a circulación pola estrada e garantindo, en todo caso, a seguridade viaria.

21. Non se modificarán as condicións de drenaxe da estrada provincial. De ser necesario movementos de terra ou explanacións poderán realizarse fóra da zona de dominio público, sempre que non prexudiquen a estabilidade da estrada ou a súa explotación, por



Nº 28989 / 2024 - 10/07/2024

Validación de documentos: <https://sede.dacoruna.gal/valdoc>

Código: 73a7dct3ae75eddda6fc79af786b871de1b6deebd77ad7bd3b6df6dddfc

MARÍA AMPARO CRISTINA
TABOADA GIL
Data: 10/07/2024 15:07

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data: 10/07/2024 14:27

modificación do curso das augas, redución da visibilidade ou calquera outro motivo. Os depósitos provisionais ou permanentes de materiais ou maquinaria só se poderán autorizar fóra da zona de dominio público e da zona de servidume, cando non prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación. Adoptaranse as medidas necesarias para que, en ningún caso, as augas da escorrente da zona vertan á zona de dominio público viario, para o que, no caso de recheos ou terrapléns, a rasante final do terreo na liña exterior da zona de dominio público deberá quedar a unha cota inferior, cando menos en cincuenta centímetros (50 cm), á da aresta exterior da calzada.

CONDICIÓN XERAIS

1. A autorización outórgase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereito preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

A administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou cando resulte incompatible con normas aprobadas con posterioridade.

2. A autorización entenderase outorgada a precario na parte na que afecte á zona de dominio público.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquer obras que se vaia realizar na estrada a Administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar a súa conta os elementos instalados.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola Administración titular desta, incluídas as de conservación. Neste caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización serán por conta da persoa interesada.

3. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisíbel previa notificación do cambio de titularidade a este Servizo.

4. Calquera outro tipo de obras que se pretenda realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexan complementarias da solicitada, como peches, canalizacións ou cruces subterráneos, acometidas, etc., que non comprenda a presente autorización, requirirán autorización expresa deste Servizo.



Nº 28989 / 2024 - 10/07/2024

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc

Código: 73a7dcf3ae75edddda6fc79af786b871de1b6deebd77ad7bd3b6df6dddfc

MARÍA AMPARO CRISTINA
TABOADA GIL
Data: 10/07/2024 15:07VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data: 10/07/2024 14:27

5. Durante o tempo no que se manteñan as obras, deberanse tomar as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación no treito afectado, colocando a sinalización e o balizamento regulamentario segundo a Instrucción 8.3-IC sobre Sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fora de poboado, o Código de circulación, o Manual de exemplos de sinalización de obras fixas do Ministerio de Fomento e outras disposicións vixentes, sendo o petionario o responsable dos accidentes que pudiera dar lugar a insuficiente sinalización ou o mal estado de conservación ou colocación desta, debendo retirala tan pronto como se rematen as obras retire a instalación.

6. No caso de necesitar realizar cortes e desvíos do tráfico na execución das obras o solicitante deberá obter previamente a preceptiva autorización da Xefatura Provincial de Tráfico, segundo o recollido no artigo 37 do Regulamento xeral de Circulación (Real Decreto 1428/2003), que xunto co artigo 39 regulan a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade e fluidez e a limitación deste.

7. As obras, instalacións ou actividades excutaranse segundo a documentación presentada no expediente, no seu caso, e segundo as condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar, agás casos excepcionalmente autorizados, a circulación pola estrada e garantindo, en todo caso, a seguridade viaria.

8. Comunicación do inicio das obras. As actuacións autorizadas, non se poderán iniciar sen que o persoal da Deputación comprobe a súa implantación. Para estes efectos, a persoa titular da autorización porase en contacto co persoal deste Servizo, cunha antelación mínima de sete (7) días, ben no enderezo electrónico viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal, ben nos teléfonos 981080767 ou 981080761. A realización e contido da súa implantación quedarán reflectidos nunha acta. Se non houberse conformidade faranse constar os reparos de xeito pormenorizado e concederase un prazo proporcionado para a súa corrección.

A acta de conformidade da súa implantación implicará o permiso definitivo de iniciación das obras no que á normativa sectorial de estradas se refire.

9. As obras, instalacións ou actividades autorizadas excutaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal deste Servizo provincial cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade establecidas polas disposicións vixentes e, ademais destas, o petionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.

10. O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das devanditas actuacións, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

11. Durante a execución das obras:

- Será de conta do petionario a boa conservación e limpeza permanente da obra, debendo retirar ó seu remate tódolos materiais sobrantes.
- Non se autoriza a ocupación do dominio público para o almacenamento de materiais. Os



Nº 28989 / 2024 - 10/07/2024

Validación de documentos: <https://sede.dacoruna.gal/valdoc>

Código: 73a7dcf3ae75eddda6fc79af786b871de1b6deebd77ad7bd3b6df6dddfc

MARÍA AMPARO CRISTINA
TABOADA GIL
Data: 10/07/2024 15:07

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data: 10/07/2024 14:27

residuos xerados nas obras serán xestionados adecuadamente, sen deixar ningún resto na zona de afección da estrada, nin na zona de dominio público.

- Non se poderán verter á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas das choivas, de escorregas ou arrastres ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada.

- Adoptaranse as medidas oportunas para que, ao executar as obras, non se prexudique o bo drenaxe da estrada e das súas obras de fábrica.

12. Comunicación da finalización das obras. Unha vez rematadas as obras, este Servizo documentará a súa terminación, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. Para estes efectos, a persoa titular da autorización porase en contacto co persoal deste Servizo, cunha antelación mínima de sete (7) días da data que preveña finalizar as obras ou instalacións, ben no enderezo electrónico viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal, ben nos teléfonos 981080767 ou 981080761.

A acta de conformidade da finalización das obras implicará o permiso de uso das obras, actividades ou instalacións no que a normativa sectorial de estradas se refire, e a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias.

13. O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.

14. O incumprimento das condicións descritas nesta autorización dará lugar ás responsabilidades que se recollen nos Títulos IV e V da Lei 8/2013, e no regulamento xeral de estradas de Galicia, sobre protección do dominio público viario e o réxime sancionador.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.